

ACTA DA SESIÓN ORDINARIA DA COMISIÓN INFORMATIVA DE INFRAESTRUTURAS, EQUIPAMENTOS PÚBLICOS E MOBILIDADE DO 24 DE OUTUBRO DE 2025

PRESIDENTE: D^a. BELÉN CACHAFEIRO ANTA

VOGAIS:

D. RAFAEL DOMÍNGUEZ ARTIME
D. MARIA LUISA SÁNCHEZ MÉNDEZ
D. JORGE CUBELA LÓPEZ
D. RICARDO MARTÍNEZ CHANTADA
D^a. MARÍA PILAR RAMALLO VÁZQUEZ
D. MANUEL ALEJANDRO LORENZO ALONSO
D. JESÚS VÁZQUEZ ALMUIÑA
D. JUAN PABLO CASTILLO AMIGO
D. PACO FERREIRA GONZÁLEZ
D^a. NURIA RODRÍGUEZ RODRÍGUEZ
D^a. DIGNA ROSA RIVAS GÓMEZ
D. GREGORIO LUIS AGÍS GÓMEZ
D. GORKA GÓMEZ DÍAZ
D. JAVIER IGLESIAS MOUGÁN
D. XOSÉ CESÁREO MOSQUERA LORENZO
D^a. MARÍA MANUELA RODRÍGUEZ PUMAR

Sendo as doce horas e trinta e cinco minutos do día 24 de outubro de 2025, reúnese a Comisión Informativa de Infraestruturas, Equipamentos Públicos e Mobilidade.

Preside a sesión D^a. Belén Cachafeiro Anta e asisten as deputadas/os que se relacionan á marxe.

Actúa como secretario, por delegación do secretario xeral, Andrés C. Fernández Lucas, técnico de xestión do servizo de Infraestruturas e Vías Provinciais.

Aberta a sesión pola Presidencia, adoptáronse os seguintes acordos:

1.- Aprobación da acta da sesión anterior (19 de setembro de 2025).

A Comisión acorda por unanimidade aprobar a acta da sesión de 19 de setembro de 2025.

2.- Aprobación inicial do proxecto construtivo “Mellora da seguranza viaria e senda peonil na E.P. 0601 Portosanto – Campelo – PO 308, dende o PQ 2+410 ata o PQ 3+510 Concello de Poio)”. Exposición pública do proxecto e do expediente de expropiación. Declaración de utilidade pública da obra. Declaración de urxente ocupación e motivación da urxencia. (Expediente Cividas 2025045388)

A Comisión ditamina favorablemente, por unanimidade, a aprobación inicial do proxecto construtivo “Mellora da seguranza viaria e senda peonil na E.P. 0601 Portosanto – Campelo – PO 308, dende o PQ 2+410 ata o PQ 3+510 Concello de Poio)”, a exposición pública do mesmo e do expediente de expropiación, a declaración de utilidade pública da obra, a declaración de urxente ocupación e a motivación da urxencia.



3.- Moción do grupo provincial do Partido Popular relativa ao proxecto da variante oeste de Caldas de Reis e acceso do porto de Vilagarcía á AP-9.

A Comisión ditamina favorablemente, con 9 votos a favor do Grupo Provincial do PP, 6 votos a favor do Grupo Provincial do PSOE e 2 abstencións do Grupo Provincial do BNG, a moción do Grupo Provincial do Partido Popular relativa ao proxecto da variante oeste de Caldas de Reis e acceso do porto de Vilagarcía á AP-9.

4.- Moción do grupo provincial Socialista para esixir da Deputación a inmediata licitación e execución das obras de mellora da seguridade viaria na E.P. 2702 en Pazos de Borbén (tramo 1) e a redacción do proxecto de mellora do resto da vía.

A Comisión ditamina desfavorablemente, con 9 votos en contra do Grupo Provincial do PP, 6 votos a favor do Grupo Provincial do PSOE e 2 abstencións do Grupo Provincial do BNG, a moción do Grupo Provincial do Socialista para esixir da Deputación a inmediata licitación e execución das obras de mellora da seguridade viaria na E.P. 2702 en Pazos de Borbén (tramo 1) e a redacción do proxecto de mellora do resto da vía.

5.-Rogos e preguntas.

Non se formulan.

E non habendo máis asuntos que tratar a presidenta levanta a sesión sendo as doce horas e corenta minutos do que eu, secretario, dou fe.

Documento datado e asinado dixitalmente.

